

O Tribunal Cualificador do proceso selectivo para o acceso á escala auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos, subgrupo C1, da Universidade de Santiago de Compostela en sesión celebrada o día 4 de outubro de 2023, ACORDOU:

PRIMEIRO.-Facer públicos os CRITERIOS DE CORRECCIÓN das probas correspondentes ao primeiro exercicio (coñecemento de idioma galego) que se celebrarán o vindeiro día 20 de outubro de 2023.

O nivel de coñecemento da lingua galega esixido é o correspondente ao Celga 3, tal e como se establece na *Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga)* publicada no Diario Oficial de Galicia do 30 de xullo de 2007. Terase en conta tamén o establecido na *Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga)*.

O nivel correspóndese tamén co nivel B2 do *Marco europeo común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación*, elaborado polo Consello de Europa e do que existe tradución a diversas linguas europeas, entre elas ao galego.

A proba de galego consta de dúas partes, unha parte escrita e outra oral. Os **criterios** seguidos para avaliar cada unha destas partes son os seguintes:

Proba escrita

Avaliarase a ADECUACIÓN, terase en conta que se resolva a actividade en termos xerais, que se cumpra coa extensión requirida e se traten os puntos esixidos na tarefa cunha información adecuada. Valorarase que o formato textual e o rexistro sexan os adecuados.

Avaliarase a COHESIÓN e a COHERENCIA, que se presente a información organizada, que se faga un uso correcto e variado dos conectores e que se usen de xeito correcto os signos de puntuación.

Avaliarase a GRAMÁTICA, que non haxa erros morfolóxicos, sintácticos ou ortográficos.

Avaliarase o LÉXICO, isto é, a variedade e riqueza léxica, a corrección, precisión e amplitude do vocabulario empregado.

Proba oral

Avaliarase a ADECUACIÓN, que se resolva a actividade en termos xerais, que a produción se adapte á finalidade do acto comunicativo e ao contexto, e que o rexistro empregado sexa o adecuado.

Avaliarase a INTERACCIÓN, que se empreguen estratexias de colaboración co interlocutor e que se faga uso da quenda de palabra con naturalidade.

Avaliarase a COHESIÓN e FLUIDEZ, que se presente a información ben organizada e as ideas ben enlazadas, do xeito máis fluído posible.

Avaliarase a PRONUNCIA e a ENTOACIÓN, que a pronuncia sexa correcta e que se faga un uso axeitado da fonoloxía galega.

Avaliarase a GRAMÁTICA, que non haxa erros morfolóxicos ou sintácticos.

Avaliarase o LÉXICO, isto é, a variedade e riqueza léxica, a precisión e amplitude do vocabulario empregado.

SEGUNDO: Convocar a segunda proba do primeiro exercicio, comprensión escrita ou comprensión oral e expresión oral, a continuación da primeira proba. Ao remate da primeira proba, os aspirantes atoparán publicado nas portas da aula 26 da Facultade de Ciencias Económicas, onde se celebra a primeira proba, a orde de chamamentos para a segunda. Nesta publicación indícarase o horario concreto no que se cita a cada un dos aspirantes. De acordo coa base 6.1 da Convocatoria, a orde de chamamentos das persoas aspirantes será alfabética, comezando pola primeira da letra T.

TERCEIRO: Informase aos aspirantes dos seguintes aspectos relacionados coa organización do exercicio:

- Os aspirantes deberá vir provistos de documentación oficial con fotografía, que permita a súa identificación (DNI, pasaporte)
- As persoas aspirantes deberán de vir provistas de bolígrafo azul ou negro.
- Non se poderá acceder á proba con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro tipo de dispositivo electrónico. Non se dispón de ningún tipo de servizo ou depósito para recollida e custodia deste tipo de dispositivos non autorizados.
- A entrada á proba será consonte a orde de chamamento, que se iniciará ás 9:30 horas.

Santiago de Compostela

A presidenta do Tribunal

Marie-Pierre Bouyssou

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIE-PIERRE BOUYSSOU POINCHEVAL, NIF ***8405**, 06/10/2023 13:08:07.

CSV: 4EFE-0E12-4592-B0F7